



á/a Titular da Dirección xeral de centros e recursos humanos da Consellería de Educación da Xunta de Galiza

en calidade de Secretario de Organización do STEG (Sindicato de traballadoras e traballadores do ensino de Galiza), en relación ao inicio do curso 2020-21

EXPÓN

- que con data de 1 de setembro de 2020, cónstannos moitas incidencias relativas á incorporación de docentes **aos seus postos de traballo para a realización de exames -e, por tanto, xa en contacto con outras persoas nun recinto pechado- sen que os centros dispuxesen dos equipos de protección que a Consellería debía facilitar e que o propio Protocolo recolle na súa versión do 31 de agosto onde di, no seu punto 6:**

6. Subministración de material de protección

6.1. A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na COVID-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

- que o desenvolvemento da función docente no contexto da Covid 19 implica un risco evidente, o cal debe ser minimizado coas necesarias medidas de protección que eviten as graves consecuencias que un contaxio pode supor para a saúde das persoas.
- que a máscara é nestas circunstancias un elemento de protección indispensábel para a integridade física e a saúde dos traballadores e traballadoras.
- que a Administración Pública, neste caso a Consellería de Educación, está obrigada a cumprir a a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, tal como se indica no Art. 3.:

Ambito de aplicación, punto 1 desta lei: Esta Lei e as súas normas de desenvolvemento serán de aplicación tanto no ámbito das relacións laborais reguladas no texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, como no das relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.(...) Cando na presente Lei fágase referencia a traballadores e empresarios,

entenderanse tamén comprendidos nestes termos, respectivamente, dunha parte, o persoal con relación de carácter administrativo ou estatutario e a Administración pública para a que presta servizos, nos termos expresados na disposición adicional terceira desta Lei.

-Que o feito de a Consellería de Educación non teña facilitado ás traballadoras o material necesario para a súa protección, ademais de constituir un desprezo para coa saúde dos docentes supón un incumprimento flagrante da Lei 31/1995 de prevención de Riscos Laborais, que no seu Capítulo III, *Dereitos y obrigas*, Art. 14 *Dereito á protección fronte aos riscos laborais* di:

As traballadoras teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo. O citado dereito supón a existencia dun correlativo deber do empresario de protección dos traballadores fronte aos riscos laborais. Este deber de protección constitúe, igualmente, un deber das Administracións públicas respecto do persoal ao seu servizo.

- Que pretender, na práctica, que sexa a docente quen traia a súa propia máscara facial para o centro de ensino, contravén o explicitado no mesmo Art. 14 desta lei, pois a Administración, falta a dúas das súas obrigas: a de velar e garantir a seguridade e a saúde dos seus traballadores e a de asumir o custo das medidas de protección.

Cita: Art. 14. 2. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. Para estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, (...). Art. 14. 5. O custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo non deberá recaer de ningún xeito sobre os traballadores.

- igualmente, queremos deixar constancia de que nalgúns centros de ensino, habendo persoal de limpeza posto en corentena dende hai días, non hai persoal que o substitúa para proceder a estas tarefas, contempladas tamén no Protocolo.

-na mesma liña, noutros centros o reforzo do persoal de limpeza non se produce, incumprindo tamén dito Protocolo.

E por todo o anteriormente exposto,

SOLICITA

que á maior brevidade se cumpra a lexislación vixente e sexa corrixida esta grave deficiencia nas medidas de protección da saúde e **que a Administración Educativa facilite ás traballadoras o equipo de protección pertinente**—así como calquera outra medida de protección necesaria— para poder desenvolver normalmente e conforme a criterios de seguridade, saúde e prevención de riscos laborais o seu traballo.

asdo:

Secretario de Organización do STEG Lugo, 2 de setembro de 2020